

PROGRAMA ACADEMIA FACTORÍA DA ECONOMÍA SOCIAL

Formación para a aceleración de proxectos cooperativos

En colaboración coa: Rede Eusumo e o proxecto ES Factory, Programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027,

Datas: do 23 de abril ao 23 de maio de 2025 **Duración:** 25 horas, 25 h/curso

Modalidade: Teleformación. En liña | 2 sesións virtuais de aprendizaxe

Lugar de celebración: A través da Aula Virtual de EspazoCoop

Inscripción: [preme aquí](#) **Máis información:** Patane García - 881 887 456 - patane@espazo.coop

Obxectivos

- Fortalecer as capacidades emprendedoras: Proporcionar ás persoas emprendedoras as ferramentas necesarias para desenvolver e xestionar proxectos na ES. Isto inclúe habilidades de xestión, comunicación, liderado e traballo en equipo.
- Promover a innovación social: Fomentar a creatividade e a innovación na creación de proxectos na economía social. A través de talleres e actividades, animaremos ás persoas a pensar de maneira diferente e a buscar solucións orixinais para os desafíos sociais.
- Mostrar de xeito práctico e achegado á realidade as condicións e pasos a dar para emprender no ámbito da economía social achegando recursos e medidas de apoio existentes que favorecen o emprendemento na mocidade.
- Analizar as necesidades para crear un proxecto viable no marco da economía social. Elaborar o prototipo do proxecto. Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

Programa e contidos

CURSO 1 | FORMACIÓN PARA A ACELERACIÓN DE PROXECTOS COOPERATIVOS

25 horas | do 23 de abril ao 23 de maio | 2 sesións virtuais de aprendizaxe: 8 e 23 de maio.

Módulo 1.- Economía social: Conceptos básicos, principios e valores.

Módulo 2.- Como emprender en ES: características das empresas da ES, trámites de constitución.

Módulo 3.- Financiamento ético e sostibilidade.

Módulo 4.- Habilidades e competencias en: comunicación, traballo en equipo, liderado.

Módulo 5.- Comunicación externa e comercial.

Módulo 6.- Proxección Exterior : Internalización, Ampliación de mercados.

Metodoloxía

A metodoloxía é activa e participativa. Propoñemos actividades para o traballo grupal, coñecer boas prácticas, utilizando medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación. Cada curso terá dúas sesións virtuais de aprendizaxe.

Dirixido a

Persoas desempregadas que buscan unha alternativa de emprego. Persoas promotoras, con ou sen idea de negocio, que están interesadas en emprender a través da economía social. Persoas interesadas en aumentar as súas habilidades e capacidades para crear ou consolidar os seus proxectos de emprendemento en economía social. Persoas promotoras de empresas da economía social, de recente creación, que busquen a súa consolidación e un salto de escala. Persoas emprendedores que queiran vivir unha experiencia de venta real coa finalidade de validar os seus produtos e/ou servizos antes de lanzalos definitivamente ao mercado. Proxectos ou empresas da economía social que busquen financiamento para os seus proxectos.

Docentes

- Ramón Carmelo Rodríguez Padín. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop
- Patane García Méndez. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop
- Teresa Balado Barciela. Técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Formulario de inscrición

Para realizar a inscrición aos cursos do programa **preme aquí**.

Impulsado e promovido por

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop | www.espazo.coop

Financiado por

Programación 2025 da **Rede Eusumo**, que é unha rede de colaboración impulsada pola **Xunta de Galicia**, dende a Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para o fomento do cooperativismo e a economía social.



As accións realizadas baixo o proxecto 0259_ES_Factory_1_E están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, que promove proxectos de cooperación transfronteiriza co apoio da Unión Europea.



Es_factory